



MEANTIME

Gran Bretaña | 1984 | 103 min | Traxicomedia

DIRECTOR Mike Leigh

GUIÓN Julien Temple

MÚSICA Sex Pistols

FOTOGRAFÍA Geordie Devas

INTÉRPRETES Gary Oldman, Tim Roth, Alfred Molina, Marion Bailey, Phil Daniels, Pam Ferris, Jeffrey Robert, Tilly Vosburgh, Paul Daly, Leila Bertrand, Hepburn Graham, Peter Wight, Eileen Davies, Herbert Norville

SINOPSE Colin, un raparigo cunha leve discapacidade intelectual, vive cos seus pais e o seu irmán nunha vivenda de protección oficial. Como a situación da familia é máis ben precaria, os fillos teñen que buscar traballo para conseguir emanciparse. O malestar e a ira fan que a familia estale, cando un tío rico lle ofrece a Colin un traballo mal pago.

Un desexaría que *Meantime* fose menos actual. Desgraciadamente non é alleo o seu retrato dunha xuventude sen esperanza, froito dunha sociedade nihilista, que asume a ausencia fatal de futuro, e dunha nova burguesía emerxente, falta de ideais. O difícil é realizar unha película utilizando unicamente ese tempo improdutivo que se respira, onde unha gran maioría sabe que non ten que facer nada e moi pouco que demostrar. Un desafío perfecto para Mike Leigh, cronista moi agudo da desorde social, quen debutou cunha comedia que pretendía ser a máis lenta da historia do cine, a extraordinaria *Bleak Moments* (1971), auténtica zombificación do xénero, poboada por personaxes vencidos polo medo, incapaces de mostrarse e moverse con naturalidade, de expresar os seus desexos, salvo en contados momentos, e de forma estrafalaria cando non cardíaca, ao bordo dun ataque de histeria. A broma saíulle cara cando, desterrado do cine, estivo confinado nos estudos da BBC durante dezasete anos, labrándose moi boa reputación coas súas producións televisivas, pero sen posibilidade de medir o seu enorme talento nalgún festival de envergadura. *Meantime* foi, xunto con *Abigail's Party* (1977), a máis importante das súas películas desa etapa, ou polo menos, a que tivo maior repercusión.

Ao facer crítica social, un pode expresarse de forma pouco sutil, como o cineasta arxentino Fernando Solanas, que en *La nube* (1998) recorre á poesía doada, á metáfora literal, retratando a toda unha poboación que se move cara atrás, coma os cangrexos; ou como fixo Mike Leigh en *Meantime* quince anos atrás por rebaxar sensiblemente a cor até alcanzar o ton xusto que



precisa a imaxe dun país inmerso nunha profunda recesión, sacudido por unha cifra de paro que, por primeira vez no Reino Unido, superaba entón os tres millóns. Os *pubs*, o bingo e, sobre todo, a oficina de emprego son, xunto con eses interiores de casas pesadamente decorados, típicos do cine de Mike Leigh, os únicos lugares que parecen estar concorridos dentro dun espazo urbano en xeral bastante abandonado, descascado, cheo de suburbios grises, algún deles en proceso de demolición (atención á secuencia keatoniana).

Para o cineasta británico é esencial mostrar con humor como cada individuo segue adiante, crece e evoluciona. Con eles, esta película, o cine con maiúsculas, polo menos, móvese. Desde o primeiro plano xeral, con moito gran e desenfocado, onde apenas se albisca a familia protagonista, ao último, un longo primeiro plano do rostro nu de Colin (magnífico Tim Roth), quen pon fin á súa parálise e finalmente toma, aínda que sexa moi absurda, a súa propia decisión. Iso si, non hai que esquecer que as películas de Leigh, que brillan sempre polo preciso labor dos seus intérpretes, destacan tamén por un uso moi intelixente do espazo. Nunha secuencia de *Meantime*, o cineasta sitúa a cámara fronte a unha lavadora estragada e obtén un plano sostido decididamente oriental. Ao seu arredor, contemplamos un baile de pernas, unha sucesión de entradas e saídas de personaxes. Se o goberno británico daquela época escura persiste en non funcionar, como esa máquina impasible, *meantime*, ao mesmo tempo, hai unha poboación inconformista que a atravesa.



SINOPSIS Colin, un muchacho con una leve discapacidad intelectual, vive con sus padres y su hermano en una vivienda de protección oficial. Como la situación de la familia es más bien precaria, los hijos deben buscar trabajo para conseguir emanciparse. El malestar y la ira hacen estallar a la familia, cuando un tío rico le ofrece a Colin un trabajo mal pagado.

—

Uno desearía que *Meantime* fuese menos actual. Desgraciadamente no es ajeno su retrato de una juventud sin esperanza, fruto de una sociedad nihilista, que asume la ausencia fatal de futuro, y de una nueva burguesía emergente, falta de ideales. Lo difícil es realizar una película utilizando únicamente ese tiempo improductivo que se respira, donde una gran mayoría sabe que no tiene nada que hacer y muy poco que demostrar. Un desafío perfecto para Mike Leigh, cronista muy agudo del desorden social, quien debutó con una comedia que pretendía ser la más lenta de la historia del cine, la extraordinaria *Bleak Moments* (1971), auténtica zombificación del género, poblada por personajes vencidos por el miedo, incapaces de mostrarse y moverse con naturalidad, de expresar sus deseos, salvo en contados momentos, y de forma estrafalaria cuando no cardíaca, al borde de un ataque de histeria. La broma le salió cara cuando, desterrado del cine, estuvo confinado en los estudios de la BBC durante diecisiete años, labrándose muy buena reputación con sus producciones televisivas, pero sin posibilidad de medir su enorme talento en algún festival de envergadura. *Meantime* fue, junto con *Abigail's Party* (1977), la más importante de sus películas de esa etapa, o por lo menos, la que tuvo mayor repercusión.

Al hacer crítica social, uno puede expresarse de forma poco sutil, como el cineasta argentino Fernando Solanas, que en *La nube* (1998) recurre a la poesía fácil, a la metáfora literal, retratando a toda una población que se mueve hacia atrás, como los cangrejos; o, como hizo Mike Leigh en *Meantime* quince años atrás, por rebajar sensiblemente el color hasta alcanzar el tono justo que precisa la imagen de un país inmerso en una profunda recesión, sacudido por una cifra de paro que, por primera vez en el Reino Unido, rebasaba entonces los tres millones. Los *pubs*, el bingo y, sobre todo, la oficina de empleo son, junto con esos interiores de casas pésimamente decorados, típicos del cine de Mike Leigh, los únicos lugares que parecen estar concurridos dentro de un espacio urbano en general bastante abandonado, desconchado, lleno de suburbios grises, alguno de ellos en proceso de demolición (atención a la secuencia keatoniana).

Para el cineasta británico es esencial mostrar con humor cómo cada individuo sigue adelante, crece y evoluciona. Con ellos, esta película, el cine con mayúsculas, al menos, se mueve. Desde el primer plano general, con mucho grano y desenfocado, donde apenas se atisba a la familia protagonista, al último, un largo primer plano del rostro desnudo de Colin (magnífico Tim Roth), quien pone fin a su parálisis y finalmente toma, aunque sea muy absurda, su propia decisión. Eso sí, no hay que olvidar que las películas de Leigh, que brillan siempre por la precisa labor de sus intérpretes, destacan también por un uso muy inteligente del espacio. En una secuencia de *Meantime*, el cineasta sitúa la cámara frente a una lavadora estropeada obteniendo un plano sostenido decididamente oriental. A su alrededor, contemplamos un baile de piernas, una sucesión de entradas y salidas de personajes. Si el gobierno británico de aquella época oscura persiste en no funcionar, como esa máquina impasible, *meantime*, al mismo tiempo, hay una población inconformista que la atraviesa.

Daniel Gascó

